

COIRÓS

O Concello abre o prazo de solicitude das becas de estudio

REDACCIÓN / Coirós

O Concello de Coirós terá aberto o prazo de solicitude das axudas municipais ao estudio ata o vindeiro 31 de outubro.

Destas becas poderán beneficiarse os alumnos e alumnas de educación infantil, ciclos medios superiores e outros, empadroados no municipio. Poderán solicitar

as becas as familias cunha renda per capita que non supere os 6.000 euros anuais. Os estudantes universitarios empadroados poderán solicitar só as axudas de transporte, con independencia dos ingresos familiares.

As solicitudes poden realizarse no centro social de Coirós en horario de mañá ata o vindeiro 31 de outubro.

A xeración de 1960 celebrará o seu 52 aniversario o día 17 de novembro

REDACCIÓN / Coirós

Os homes e mulleres nados en 1960 e residentes no municipio de Coirós, celebrarán o vindeiro 17 de novembro unha festa na Parrillada As Rodas para conmemorar o seu 52 aniversario.

As persoas que desexen acudir ao evento deberán contactar cos organizadores do encontro nos teléfonos 680407059 (Mary, polas mañás) e 626418154 (Susó, polas tardes). A data límite para apuntarse é o día 4 de novembro.

O CIM de Coirós prepara un curso de autodefensa para mulleres

REDACCIÓN / Coirós

O Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Coirós, ofrecerá durante esta tempada un curso de autodefensa para mulleres, ademais doutras actividades de igualdade e aproximación xurídica e un curso de técnicas de busca de emprego, entre outras iniciativas.

O Concello, ademais, oferta actividades para nenos e adultos como inglés e informática, pintura, taekwondo, acordion e ximnasia de mantemento entre outras propostas para o tempo libre.

Coirós pecha as contas de 2011 con máis de 200.000 euros de superavit

REDACCIÓN / Coirós

O Pleno do Concello de Coirós acaba de aprobar a Conta Xeral correspondente ao ano 2011 cun resultado axustado de máis de 206.000 euros de superavit.

O Alcalde de Coirós, Francisco Quintela, amosou a súa satisfacción polo estado das contas municipais e salientou que "o goberno local sempre

mantivo como principio o equilibrio orzamentario, en definitiva, non gastar máis do que se ingresa", dixo.

Quintela destacou que, a pesar da difícil situación económica xeral, o Concello de Coirós, "incrementou nos últimos anos os servizos prestados aos veciños e veciñas, reduciu a taxa de lixo e mantén importantes inversións en infraestruturas básicas", dixo.

CESURAS

Tres concelleiros do BNG de Cesuras deixan a formación e crean un grupo independente

REDACCIÓN / Cesuras

Os ata agora concelleiros do BNG de Cesuras, Lito Vázquez, Eva Rodríguez e Carmen Lesta, deixaron a formación nacionalista para crear un grupo de Independentes por Cesuras. O seu obxectivo inmediato é o de paralizar o proceso de fusión con Oza dos Ríos para o que presentaron un Recurso de Reposición contra o acordo plenario do 30 de agosto no que o PP aprobou en solitario o inicio do proceso de fusión.

COMARCA

O GDR Mariñas-Betanzos e a Fundación Fragas do Mandeo celebran a Semana de Custodia do Territorio

REDACCIÓN / Comarca

A Fundación Fragas do Mandeo e o GDR Mariñas-Betanzos organizaron varias actividades para celebrar a Semana de Custodia do Territorio nas Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Conferencias, xornadas ou visitas guiadas foron algunhas das actividades promovidas para dar a coñecer á cidadanía a importancia de avanzar nas fórmulas de custodia do territorio.

A semana iniciouse o día 27 cunha conferencia no Liceo do recoñecido biólogo Fernando Cobo, director da Estación de Hidrobioloxía do Encoro do Con, sobre as necesidades de conservación do río Mandeo.

O día 28, celebrouse nas instala-



De esq. a dta. O presidente da Fundación Fragas do Mandeo, Fernando Bandín; O Presidente do GDR Mariñas-Betanzos, José Antonio Santiso e o director do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, Juan Castro, na xornada inaugural da Semana de Custodia

ción do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo o II Encontro Galego de Custodia do Territorio na que participaron varias entidades de custodia de toda Galicia. Administracións, empresas e asociacións ecoloxistas e agrarias déronse cita para analizar a situación actual do territorio e as oportunidades que supón a custodia.

O día 29 realizouse unha excursión para visitar o bosque de Ridi-

moas, na provincia de Ourense, onde se desenvolve unha iniciativa pioneira en Galicia de custodia do territorio.

O domingo 30 houbo unha saída ao campo na que un grupo de ornitólogos cos seus telescopios e prismáticos axudaron aos participantes a identificar as aves da ría de Betanzos dende o observatorio de Souto, en Paderne.